

DESTRUCCIÓN



A TODA COSTA

Galicia

GREENPEACE

As autoridades galegas, municipais e autonómicas, levan realizando desde hai décadas políticas de costas ó medio ambiente e ó mar. O resultado é unha costa contaminada e desfigurada na que non se respeta a normativa ambiental e se consinten todo tipo de barbaridades atendendo só a razóns "económicas", sen considerar que a protección e conservación da costa galega é un dos seus mellores activos económicos.



Situación nas comunidades autónomas

Galicia



*Rexeneración artificial
na praia de Villa de Muros,
A Coruña.*

Desde o punto de vista costeiro, podemos afirmar que Galicia vive de costas ó mar. Un dos exemplos máis visuais desta actitude atopámolo na costa ártabra, onde se constrúe actualmente o porto exterior de Ferrol, unido literalmente a un extremo do Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) da “Red Natura 2000” europea “Costa Ártabra”, sen que isto semelle importar a ninguén. O porto ten un dique que ocupa o 60% da ría, polo que dificultará a renovación da auga e trocará as correntes e a velocidade de circulación da mesma, o que ha alterar os bancos marisqueiros da zona. Tamén, proxéctase construír un campo de golf no mesmo borde litoral, en antigos terreos militares desabafados polo Ministerio de Defensa. A instalación deportiva irá acompañada de 400 vivendas¹¹⁶. Moi preto de alí, en Cabo Prioriño, suscítese construír unha depuradora reenchendo 5 800 m² da enseada de A Cabana e ocupando 60000 m² de superficie do LIC¹¹⁷. O resultado é que, dunha zona absolutamente virxe e protexida, en tan só uns poucos anos pasaremos a ter unha costa ocupada e contaminada, que terá perdidos os seus valores naturais, e con eles, terá desaparecido unha parte da riqueza común e pública de todos os galegos.

Unha costa que se quere esquecer da marea negra do Prestige, que tinguiu de negro o litoral galego ó longo dun ano enteiro e cunhas consecuencias, por moito que non se queira falar delas, aínda han perdurar no tempo. Aínda que algúns non parezan esta de acordo, como o Concelleiro de Turismo da Xunta de Galicia, que cualifica a catástrofe como “máis mediática que ecolóxica”, e xustifica o devalo do turismo o ano pasado en Galicia polo efecto euro ou a cercanía do Xacobeo.¹¹⁸

Segundo os datos ofrecidos polo Instituto de Oceanografía, os niveis de contaminación causados polo Prestige, descenderon a niveis normais agás na Costa da Morte. Mais, como recoñece o propio IEO, isto non significa que o problema estea resolto, xa que a contaminación supuxo unha auténtica mazada para todas as especies do que han tardar anos en recuperarse.¹¹⁹

A resposta dada polo anterior goberno, o Plan Galicia, semella ser referendado polo goberno de Rodríguez Zapatero, quen se comprometeu e executar todas as obras do citado plan de infraestruturas, malia a que

¿Onde está a contaminación do Prestige?

O informe que cadanseu ano elabora a UE sobre a calidade das augas de baño presenta resultados sorprendentemente bos respecto ás praias de Galicia, onde tan só catro praias foron declaradas como NON APTAS PARA O BAÑO.

Este dato está en sintonía total coas reiteradas afirmacións por parte do Goberno de Aznar e da Xunta de Galicia de que o Prestige non presentou problemas ecolóxicos.

Sen embargo, a propia Comisión Europea revelou que España agachou o ano pasado as augas de baño máis contaminadas na costa galega, retirando 23 praias afectadas polo vertido do Prestige da lista, oito delas en Carnota, onde hoxe en día se segue a limpar chapapote.

Fonte: “El País”

Praias contaminadas¹²⁰

Non cumpren os valores obrigatorios determinados pola Comisión Europea

- Praia Pescadoiro. Bueu
- Praia Figueiras. Illas Cíes
- Praia Laño. Poio
- Praia da Concha. Vilagarcía de Arousa

Non foi analizada coa frecuencia que marca a Comisión Europea

- Praia A Braña. Vilagarcía de Arousa
- Praia As Casiñas. Vilagarcía de Arousa
- Praia de Con da Mina. Vilagarcía de Arousa
- Praia Mosqueiro. Vilagarcía de Arousa
- Praia Porqueira. Vilagarcía de Arousa
- Praia O Bernal-Fuciño do Porco. Vilagarcía de Arousa
- Praia Poza da Vila. Vilagarcía de Arousa

este inclúe proxectos faraónicos como o Porto Exterior da Coruña, emprazado na área costeira de ventos máximos e correntes perigosas, e a tan só 16 quilómetros do de Ferrol, razón esta que o fai absolutamente innecesario. Os técnicos estiman que se poderá traballar durante uns “90 días ó cabo do ano” na súa construción, non existindo data de finalización. Tampouco debería habela de comezo. O proxecto vai acompañado dunha megaoperación de especulación inmobiliario ideada polo alcalde socialista de A Coruña, Paco Vázquez, para privatizar os actuais terreos do actual porto e vendelos ás constructoras para edificar vivendas de luxo (o que Álvarez Cascos denominou como “uso de recursos públicos para interese xeral”¹²¹). De momento, o “pelotazo coruñés” segue adiante, aínda que, quizais, o sonho de Vázquez, se derrube tralas declaracións da ministra de Fomento, Magdalena Álvarez, quen afirmou o día 1 de xuño no Congreso que destinaría os terreos liberados do porto e RENFE á construción de vivenda pública, o que ata o momento non entra nos cálculos do alcalde socialista.

O Prestige está a servir como escusa para privatizar e contaminar a costa galega. Os efectos colaterais do Prestige repártense pola costa galega. Na costa de Muxía, a Xunta de Galicia pretende asentir unha piscifactoría en pleno istmo do Cabo Touriñán, dentro dun Lugar de Importancia Comunitaria, e polo tanto, e en teoría, protexido. A Xunta de Galicia iniciou as obras do proxecto ó tempo que solicitaba a cualificación ambiental da actuación.¹²²

As bondades do Plan Galicia véndense en clave de cemento e formigón. Así, a unha pregunta feita en xaneiro por un parlamentario do BNG ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre as actuacións do goberno central nos municipios de Lugo onde entrara fuel do Prestige, a resposta dada foi: “A área costeira da provincia de Lugo verase beneficiada máis directamente pola construción da Autovía do Cantábrico, que terá 85 quilómetros de lonxitude e suporá un investimento de 542 millóns de euros”¹²³. Nada se di na resposta da recuperación dos espacios afectados nin de medida algunha para conservar a riqueza natural, o que dá unha idea moi aproximada do pouco interese posto en aprender leccións tomadas do Prestige e, sobre todo, en coidar e protexer os ecosistemas costeiros. A lección que se deduce, é que non hai nada mellor que unha marea negra para

Con “P” de Pelotazo: o porto exterior de A Coruña	
Máis de 1 millón de metros cadrados a ex P ropiar	P
O custe da obra será de 520 millóns de E uros	E
O calado proxectado de 26 metros suporá unha boa cantidade de goma-2 para Punta L angosteira	L
Aínda que Álvarez Cascos afirmou en febreiro que a O bra era viábel, os técnicos do CEDEX non o teñen nada claro	O
Só se poderá T raballar na súa construción 90 dos 365 días que ten o ano, por mor das correntes da área. Non hai data de finalización	T
A declaración de impacto A mbiental foi aprobada antes de coñecerse o trazado definitivo do porto nin a súa viabilidade	A
O alcalde de A Coruña, Paco Vá Z quez propuxo a privatización de 400.000 m ² do actual porto para edificar vivendas de luxo e áreas comerciais	Z
A nomeada ministra de Fomento propuxo no Congreso que os terreos portuarios que se desafectan se dediquen a vivendas de pr O tección oficial	O

que a un lle constrúan as autoestradas que tanto anos levaba reclamando. ¡Triste lección!

A comezos de xuño comezou a extracción do fuel que queda no pecio do Prestige. A extracción das 12.000 toneladas que aínda permanecen no barco, se prolongarán ata finais de outubro.¹²⁴ Repsol avisou que se poderá extraer o 90% do fuel, para o resto hase empregar un método “para acelerar a degradación natural do fuel”¹²⁵.

Sen embargo, nin os problemas ecolóxicos e económicos ocasionados polo Prestige están solucionados, nin tampouco o están o resto de problemas de contaminación mariña, que ocasionan a chegada de pequenos vertidos ás costas galegas, como o acontecido en agosto do ano pasado na praia de A Lanzada en O Grove¹²⁶, o que tinguíu a costa de negro coincidindo cos 500 días do Prestige, ou que se produciu na desembocadura do Miño (descuberto polos elevados índices di hidrocarburos aromáticos policíclicos detectados) aproveitando o accidente do Prestige.

Dende terra, a contaminación é un factor de deterioro constante da costa galega. Os vertidos nas praias e costas séguese a producir de xeito continuado, como no caso da cidade de A Coruña, que carece de depuradoras suficientes para as súas augas negras e verte as mesmas directamente ó mar. En setembro do ano pasado, e

tras unha amoestación da Unión Europea, asinouse un acordo para realizar obras da depuradora e do emisario de Bens, que tardarán cinco anos en estar rematadas.¹²⁷

Namentres, os 56 millóns de m³ e augas fecais que chegan á planta de Bens seguirán a recibir un simple pretratamento (decántanse as graxas e destrúese a materia orgánica biodegradable)e sendo vertidas á mar a través dun emisario submarino rompido dende 1977. Un bo exemplo do interese das administracións galegas no coitado da súa costa.

As praias e costas contámanse e ademais, desnaturizan. A isto contribuíu en grande medida nos derradeiros anos o Ministerio do Medio Ambiente, que “premiou” ás costas galegas con grotescos paseos marítimos, pavimentando cantís e praias. Os orzamentos adicados a pasarelas de madeira e farois constituíen un auténtico exercicio de malversación de fondos cando se esquecen de problemas tan graves como a erosión que ameaza a costa galega e se fomentan todo tipo de obras no dominio público que agravan o deterioro costeiro. As praias de Samil (Sanxenxo), Sta. Cristina (A Coruña),praia de Pescadoira (Bueu), praia de Beluso (Pontevedra), praia de Anguileira (Ribadeo), praia de Benquerencia-Longara en Barreiros (Lugo), praia de Melide (Cangas), praia do Altar (Lugo), praia

de Fomento en O Vicedo (Lugo) son algunhas que sofren graves problemas de erosión.

Mais a sede de paseos marítimos na costa galega non semella ter fin. Agreló-Portomaior (Bueu), praia de Covas Sacido (Lugo), marismas do Landro (Viveiro), praia de Llas en Foz (invadindo o sistema dunar), cantís de Santo Bartolo (Ribadeo), O Baño en Ferrol (acompañado dunha área recreativa e un aparcadoiro para cen vehículos), A Caosa (Cervo-Lugo) e Ponteceso (A Coruña) son algúns dos exemplos do dilapido da Dirección Xeral de Costas¹²⁸. E dende os diferentes grupos políticos promóvese a construción de decenas máis.¹²⁹

Á política de portos na Galicia pódese dar o cualificativo de brutal sen temor a trabucarse. Todos cobizan portos, e quérenos máis grandes. En Pontevedra, os portos de Vigo, Marín e Vilagarcía en A Coruña: os portos exteriores de Ferrol e A Coruña. Outra característica común, é que moi-

tos dos proxectos incumpren sistematicamente a lexislación en materia ambiental.

A comezos de xuño, veu a luz outro proxecto, o “superporto Ártabros”, emprazado entre o porto exterior de Ferrol e A Coruña e promovido por unha sociedade inversora coa idea de construír un porto privado nunha extensión de 6,5 quilómetros de litoral, ó que queren converter no segundo porto de Europa. Os responsábeis do mesmo xa teñen solicitado do Ministerio de Fomento unha concesión a corenta anos para construílo e explotalo.¹³⁰

Conclusiones e recomendacións

O espolio que está a sufrir a costa galega adquire tinguíduradas alarmantes. A compoñente ambiental é desprezada polas administracións á hora de acometer actuacións na costa.

A desaparición da praia de Silgar

Se algunha praia tense convertido nun paradigma das consecuencias prexudiciais de certas actividades humanas na costa, esa é a praia de Silgar en Sanxenxo, sentenciada a morte dende que se construíra o espigón no porto deportivo (porto que acapara o 40% dos investimentos municipais do 2004¹³¹).

A praia perde todos os anos area da súa zona seca por mor da desaparición do sistema dunar pola construción dun muro para substentar o paseo marítimo, ó que se suma a urbanización de todo o entorno e a barreira física que supón o espigón, que impide a chegada de area que compensaba a que se levan os temporais.

Un estudio realizado ó longo de tres anos constata que a praia perde area na zona submareal (asolagada), area que está a ser arrastrada ó interior da ría, o que ha provocar modificacións do actual ecosistema. **O estudio conclúe que a desaparición da praia, de se manteren as circunstanciais actuais é tan só cuestión de tempo.**

Ó longo do 2002 e 2003, o Ministerio de Medio Ambiente realizou dúas campañas de rexeneración artificial cun custe de 2,8 millóns de euros. A area recolleuse da desembocadura do río Mondrego, en Figueira de Foz (Portugal). Os temporais encargáronse de levar a maior parte, de contado.

Segundo as declaracións da ministra de Medio Ambiente, en materia de rexeneración artificial, o Ministerio non adicará un só euro do seu orzamento a rexenerar aquelas praias onde a causa da perda de area sexa unha barreira física imposta polo ser humano.

Ós responsábeis do porto deportivo, do municipio e máis á Xunta de Galicia, tócalles procurar solucións a este grave conflito ambiental.

Namentres, Sanxenxo foi premiada co galardón “bandeira verde” polo seu labor realizado a prol do medio ambiente¹³².

Paradoxal ¿non si?



1. Praia de Silgar (Sanxenxo): condenada a desaparecer pola presión urbanística e o porto deportivo.
2. Porto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira.
3. Proxecto do Superporto Ártabros na ría de Ares.
4. Costa Ártabra (Ferrol): porto exterior. Plano para construír un campo de golf e vivendas. Ubicación dunha depuradora dentro dun LIC.

Mapa de puntos negros en Galicia

Un dos peores actores dos derradeiros anos ten sido o Ministerio de Medio Ambiente, que aplicou unha nefasta política de costas, contribuíndo a desfigurando unhas practicamente contornas naturais virxes ata a chegada das súas máquinas. A Dirección Xeral de Costas actuou como un promotor ó servizo do turismo, esquecéndose do coitado e protección da costa.

Galicia non parece ter aprendido as leccións que deixa o Prestige. A catástrofe ambiental está servindo como escusa para privatizar e contaminar as costas galegas. A resposta do Goberno Central, o Plan Galicia, vende as súas bondades a base de quilómetros de estradas, portos e Aves, asumindo os planos do anterior goberno e esquecendo as principais prioridades: Os planos de loita contra a contaminación e a recuperación ambiental da costa galega.

Greenpeace ten demandado ó novo goberno que revise o Plan Galicia en clave de sostibilidade, mais non obtivo resposta algunha. Tamén, ten solicitado do executivo central que desbote o proxecto do porto exterior de A Coruña, por innecesario, daniño e pola especulación inmobiliaria que leva aparelhada.

A carreira emprendida polas diferentes autoridades portuarias para aumentar o tamaño dos seus portos ou construír novas instalacións carece completamente de coherencia. O Ente Público Portos do Estado debe introducir a devandita coherencia na xestión dos portos, que debe estar baseada en algo máis que as contas de resultados de cadansúa Autoridade Portuaria.

A invasión de portos deportivos, que na costa galega son cáseque unha praga, está comezando a pasar factura. Ós malos resultados económicos dunhas instalacións que tan só se enchen durante tres meses ó ano, hai que unir os danos ocasionados ás praias veciñas, algunhas delas, como a de Silgar en Sanxenxo, condenadas a morte, segundo aseguran recentes estudos científicos.

Galicia aínda está a tempo de reverter esta tendencia destructora e apostar por un desenvolvemento sostíbel das súas costas que garanta un beneficio económico social e ambiental, imperecedeiro.

Destrucción a toda costa 2004

Galicia

- [116] Os ecoloxistas desbotan calquera campo de golf na costa ferrolá.
La Voz de Galicia 22/4/04
- [117] Entidades ecoloxistas reclaman unha EDAR sen custes medioambientais.
Diario de Ferrol. 25/9/03
- [118] O turismo no norte sufriu unha forte caída en xullo, trala catástrofe do Prestige. El País, 8/9/03
- [119] Parques Nacionais certifica que as praias e fondos das Cíes están limpos.
Faro de Vigo 31/10/03
- [120] The Bathing Water Report 2003.
<http://www.europa.eu.int/water/water-bathing/report.html/>
- [121] Cascos nega especulacións na construción do porto de A Coruña senón "uso de recursos públicos para o interese xeral". Diario Directo. 11/12/03
- [122] Adegas denunciará en Europa a nova piscifactoría de Pescanova.
El Correo Gallego. 13/8/03
- [123] O Goberno destinou 1,3 millóns ó Plan Galicia nos oito municipios costeiros.
El Progreso. 8/1/04
- [124] A extracción do fuel do Prestige comezará esta semana. El Mundo. 31/5/04
- [125] Unhas 1.000 toneladas de fuel foron xa extraídas do interior do Prestige coas bolsas lanzadeira. El Mundo 21/6/04
- [126] A limpeza dun barco puido orixinar o vertido na praia da Lanzada.
Palencia Digital. 5/8/03
- [127] A Coruña deixará de verter augas fecais á mar dentro de cinco anos.
La Voz de Galicia. 18/9/03
- [128] Proposta non de lei sobre os paseos marítimos de Poio [Pontevedra] a solicitude do grupo parlamentario socialista. [nº expediente 161/002161].
Diario do Congreso nº 873. 13/9/03
- [129] Proposta non de lei sobre os paseos marítimos de Poio [Pontevedra] a solicitude do grupo parlamentario socialista. [nº expediente 161/002161].
Diario do Congreso nº 873. 13/9/03
- [130] Superporto Ártabros pretende crear a segunda dársena en importancia de Europa e que sirva como porto refuxio. 11/6/04
- [131] Sanxenxo disporá de 39,1 millóns de euros no seu orzamento do 2004.
La Voz de Galicia 22/4/04
- [131] Sanxenxo premiada co galardón "bandeira verde".
La Gaceta de los Negocios. 2/1/03

Greenpeace Madrid

San Bernardo, 107. 28015 Madrid
Tel.: 91 444 14 00 - Fax: 91 447 15 98
informacion@greenpeace.es

Greenpeace Barcelona

Ortigosa, 5 - 2º 1º. 08003 Barcelona
Tel.: 93 310 13 00 - Fax: 93 310 51 18
barcelona@greenpeace.es

Greenpeace Palma de Mallorca

Carrer dels Blanquers, 1
La Calatrava 07001 Palma, Illes Balears
Tel.: 971 724 161 - Fax: 971 724 031
palma@greenpeace.es

Este documento es un capítulo del informe

Destrucción a toda costa

Informe de Greenpeace sobre la situación del litoral

Julio 2004

Está disponible en nuestra página web:

www.greenpeace.es

Traductor: Paco Paz